

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 07 de decembro de 2023.- A Alcaldesa – Presidente, Rocío López García.

R. 3955

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº: 11282/2023 DO 14/12/2023

Sr. DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto o Acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 en cuxo anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario, para a súa cobertura en quenda libre:

1 praza de OPERARIO DE CEMITERIO, da Escala de Administración Especial, persoal de oficios, AP reservada a persoas con discapacidade.”

- Visto o Acordo 31/598 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023 de aprobación de BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020)

- Visto o Decreto Nº: 6641/2023 do 31/07/2023 polo que se resolveu aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade dunha praza de Operario/a de cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2020), o cal foi publicado no BOP de Lugo núm. 179 do 5 de agosto de 2023.

- Visto o acordo 10/754 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 11 de outubro de 2023 de RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 31/598 APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓN PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020).

- Visto o acordo 12/872 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2023 de RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 10/754 RELATIVO ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓN PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2020).

Visto o anteriormente exposto, esta Concellería, segundo atribucións delegadas por decreto nº 5756/2023 do 21/06/2023 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto 7343/2023 do 22/08/2023, e en base ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Rectificar o Decreto Nº: 6641/2023 do 31/07/2023 polo que se resolveu aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade dunha praza de Operario/a de cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2020), do seguinte xeito:

Que onde di:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020)”

debe dicir:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2020)”

e onde di:

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Certificación do órgano competente que acredite a súa condición de discapacitado/a intelectual, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza."

debe dicir:

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Certificación do órgano competente que acredite a súa condición de discapacitado/a, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 14 de decembro de 2023.- O Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 3956

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de decembro de 2023 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de novembro de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da